

# Erasmus+ Estudios RoadMap



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**



Oficina de Relaciones Internacionais (ORI)

**Universida de Vigo**



# Fase 1: solicitude e aceptación



# Fase 2: Learning Agreement



# Fase 3: Documentación previa á estadía

Fase 2

**1 Seguro**

- Tramitación da tarxeta sanitaria europea
- Contratación obrigatoria dun seguro de asistencia en viaxes (recibirás información da ORI)

**2 Convenio de subvención**

Ten que estar asinado antes de iniciar a estadía!!!!

- Recíbralo en xullo por email
- Tes que asinalo con **certificado dixital**



**3 Proba inicial de OLS (Online Language Support)**

- Tes que realizar unha proba en liña do idioma que utilizarás no destino no que vas estudar

**4 Convocatoria de axudas complementarias**


- Publicaranse resolucións de concesión de Erasmus e bolsas complementarias:
  - Axudas Erasmus (todos teredes bolsa)
  - Axudas Diputacións de Ourense e Pontevedra (114 bolsas)
  - Bolsas Santander Erasmus+
- A bolsa da Xunta de Galicia é a única que terás que solicitar (só para estudiantado de Grao). En xaneiro de 2025 publicarase no DOG a convocatoria.



Chegada ao destino

Fase 4

# Fase 4: Estadía na universidade de destino



# Fase 5: Reincorporación á Universidade de Vigo



# Algúns termos que tes que coñecer:



**Certificado dixital ou firma dixital da FNMT:** arquivo dixital que che permitirá asinar dixitalmente documentos (por exemplo PDFs). É urxente que o xestiones se non o tes: [guía de tramitación](#)



**ToR ou Transcript of Records:** certificado académico (de notas). Se cho solicitan en destino, podes pedilo na secretaría do teu centro. Indica que é para unha mobilidade internacional. Poden emitilo en inglés.

Na universidade de destino, ao final da túa estadía, emitirán un ToR que deberán enviar á persoa responsable de relacións do teu centro.



**Learning Agreement, LA ou OLA:** contrato de estudos que establece que materias e créditos se cursarán na universidade de destino, e que materias e créditos se recoñecerán na universidade de orixe. O/a estudante é responsable de buscar a información relativa ás materias de destino que quere cursar e de elaborar o OLA en liña no MoveON. Terá que ser aprobado pola persoa responsable de relacións internacionais ou da titoría académica no centro da Uvigo e pola universidade de destino.



**Tarxeta sanitaria europea:** tarxeta que da dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias, dende un punto de vista médico, durante unha estadía temporal no territorio do Espazo Económico Europeo.

Solicítase en liña [nesta ligazón](#). **Convén que a teñas unha vez que che adxudiquen o destino.**



**Seguro de viaxe para estudantes:** é obrigatorio contratalo. Recibirás información.



**Online Language Support ou OLS:** proba en liña para valorar os teus coñecementos do idioma no que realizarás os teus estudos na universidade de destino. Pedirásese que o fagas antes e despois da tua estadía.



**Acreditación de idioma:** acreditación oficial do teu nivel de coñecemento dun idioma, recoñecido en toda a Unión Europea. Moitas universidades de destino esixen unha acreditación de nivel B1 ou B2 de inglés ou de outro idioma local para aceptar estudantes Erasmus. Pódese obter en Escolas Oficiais de Idiomas, ou en centros autorizados. Na Uvigo o [Centro de Linguas](#) organiza regularmente probas de acreditación deste tipo. **Convén que a teñas antes de solicitar o teu intercambio.**

# Lembra que:

- Utilizar o correo da UVigo para comunicarte coa ORI e diríxite a [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal) **non** a outros enderezos.
- Non escribades ao [erasmuspropios2425@listas.uvigo.gal](mailto:erasmuspropios2425@listas.uvigo.gal). É unha listaxe de correo que a ORI emprega para enviarvos información.
- Tramita o certificado dixital para asinar documentos xa se non o tes:  
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/manual\\_cidadania\\_FNMT\\_gl.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/manual_cidadania_FNMT_gl.pdf)
- Para temas académicos (o contrato de estudos) non te dirixas á ORI. Diríxete á persoa responsable do teu centro ou ao titor/a do destino se corresponde:  
<https://www.uvigo.gal/internacional/programas-mobilidade/responsables-mobilidade>
- Se despois da túa selección e unha vez aceptada a praza non realizas a estadía **DEBERÁS** comunicar a renuncia á ORI e á persoa responsable do teu centro.
- **Cumpre cos prazos de envío de documentación á universidade de destino trala nominación!**
- Lembra que podes facer cambios no contrato de estudos, pero sempre respectando o prazo de un mes tralo inicio do cuadrimestre. Notifica os cambios á área do teu centro: [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/secretarias\\_web.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/secretarias_web.pdf)
- Tes que estar matriculado/a na UVigo no curso no que marchas fóra. En relación as bolsas, son complementarias, polo que solicita a bolsa do MEFP cando te matricules, se a pides normalmente.
- Non tes que pedir a bolsa Erasmus. A ORI publicará unha resolución de concesión das bolsas Erasmus, das Deputacións e do Santander. Todo o estudiantado será beneficiario de bolsa Erasmus. As bolsas das Deputacións concederanse por expediente e no caso da de Pontevedra, por ter a condición de bolseiro/a MEFP neste curso. Recibirás información sobre as publicacións por correo electrónico.
- A única bolsa que teredes que solicitar é a da Xunta, en xaneiro de 2025. Recibirás información por correo electrónico. (Só para o estudiantado de grao)
- Se unha vez en destino queres reducir ou ampliar estancia tes que notificalo con tempo suficiente antes de finalizar o cuadrimestre en destino. Para ampliar deberás asinar unha addenda ao convenio de subvención. Deberás modificar o contrato de estudos e a matrícula na UVigo.



# Erasmus+ Estudios RoadMap



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**



Oficina de Relaciones Internacionais (ORI)

**UniversidadeVigo**

